



EXP. 868/2024

RESOLUCIÓN

INICIO DE CHAMAMENTO A TRAVÉS DA “LISTA DE RESERVA PARA CONTRATACIÓN TEMPORAIS DE PRAZAS DE LIMPADOR/A” APROBADA CON DATA 01/07/2024, CON OFRECEMENTO PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL INTERINA de limpador/a PARA SUBSTITUCIÓN DE M. TERESA FERNÁNDEZ MARTÍNEZ MENTRES SE ATOPE EN DEMORA DE CALIFICACIÓN DE IP (según notificación da dirección provincial do INSS con rexistro de entrada n.º 1092 de 16/05/2024)

1. Antecedentes:

1. Mediante Resolución da Alcaldía de data 01/07/2024 e número 2024-0467, se aprobou a lista de reserva para nomeamentos interinos de prazas de traballador/a social, coa seguinte orde:

APELIDOS E NOME	DNI	1º proba	2º proba	Proba galego	méritos	total
LORENA DOMÍNGUEZ MÍGUEZ	**1767** *	6	16,25	0,82	0	23,07
MIGUEL FERNÁNDEZ MARTÍNEZ	**1864** *	7,5	14,5	1	0	23
MARGARIDA MÍGUEZ MARTÍNEZ	**1787** *	9	10	0,84	2,25	22,09
BEGOÑA MARTÍNEZ GARCÍA	**9997** *	6	11,25	1	0	18,25

2. Dona María Teresa Fernández Martínez atópase en demora de calificación de IP (Incapacidade permanente) según notificación da dirección provincial do INSS con rexistro de entrada n.º 1092 de 16/05/2024.

3. Providencia de incoación/memoria xustificativa de necesidade de data 04/07/2024, asinada pola Alcaldía, de inicio dos trámites necesarios para contratación laboral temporal en concepto de substitución da traballadora María Teresa Fernández Martínez mentres se atope en demora de calificación de IP (según notificación da dirección provincial do INSS con rexistro de entrada n.º 1092 de 16/05/2024), acudindo á lista de reserva para contratacións temporais de limpiador-a.

4. Documentos RC de datas 04/07/2024.

5. Informe de intervención de 04/07/2024.

Fundamentos xurídicos:

1.- Segundo o artigo 15 do Estatuto dos traballadores: “1. ...El contrato de trabajo de duración determinada solo podrá celebrarse por circunstancias de la producción o por sustitución de persona trabajadora.



Para que se entienda que concurre causa justificada de temporalidad será necesario que se especifiquen con precisión en el contrato la causa habilitante de la contratación temporal, las circunstancias concretas que la justifican y su conexión con la duración prevista. (...)

3.Podrán celebrarse contratos de duración determinada para la sustitución de una persona trabajadora con derecho a reserva de puesto de trabajo, siempre que se especifique en el contrato el nombre de la persona sustituida y la causa de la sustitución(..)”

A unidade de limpeza na actualidade coma xa se indicou está mermada de efectivos, dada a situación de María Teresa Fernández Martínez en demora de calificación de IP (según notificación da dirección provincial do INSS con rexistro de entrada n.º 1092 de 16/05/2024). Por outro lado o servizo non pode deixar de prestarse nin demorarse na súa prestación, considerándose que o servizo de limpeza no seo do cal se pretende levar a cabo a contratación de referencia ten carácter esencial e prioritario para esta corporación (limpeza de colexios, edificios municipais, centro saúde...), resultando en consecuencia excepcional, urxente e inaplazable a necesidade.

Á vista do anterior, se entende que se cumpren as previsións do artigo O artigo 20. Cinco, da Lei de Orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2023, "*No se podrá contratar personal temporal, ni realizar nombramientos de personal estatutario temporal y de funcionarios interinos excepto en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables, en los supuestos y de acuerdo con las modalidades previstas por el texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores, en su redacción dada por Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de diciembre, el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, en su redacción dada por la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, así como en el resto de normativa aplicable.*", en concreto:

- Reúnense as circunstancias de carácter excepcional e necesidades urxentes ou inaprazables, dado que a unidade de limpeza atópase mermada e o o servizo non pode deixar de prestarse nin demorarse na súa prestación, tal e coma se expuxo máis arriba.

2.- Funcionamento da lista de reserva.

Os chamamento segundo o disposto no artigo 12 das bases reguladoras da convocatoria, realizárase do seguinte xeito:

"Cando sexa necesario proceder a realizar os correspondentes chamamentos e coa finalidade de outorgar a máxima axilidade, estes chamamentos poderanse facer por grupos ou poderá consistir nun único chamamento con todos os/as integrantes da lista pendentes de chamar. A estes efectos, o Concello de Pazos de Borbén publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do Concello de Pazos de Borbén e de forma complementaria na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal>, a listaxe de integrantes da lista aos que se procede a chamar para cubrir as prazas correspondentes, outorgándose un prazo de 2 días hábiles para que manifesten se están dispostos a aceptar a oferta para cubrir a vacante ou vacantes que se pretenden cubrir, respectando en todo caso o lugar se ocupe na lista de reserva.

Aqueles que figuren no chamamento e non manifesten en prazo que están dispostos a aceptar a oferta ou contesten rexeitando a oferta considerarase que renuncian.

Aquel/a ou aqueles/as dos/as integrantes da lista que, sendo chamados/as, manifesten dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior que están dispostos/as a aceptar a oferta, de acordo coa orde que figure na lista de reserva e ata o número máximo de prazas ou postos a cubrir, serán





propostos para ser contratados/as como persoal laboral temporal, segundo o caso, a cuxos efectos deberán presentar a documentación que se sinala a continuación, no prazo máximo de 24 horas hábiles dende a publicación da proposta no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do Concello de Pazos de Borbén e de forma complementaria na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal>:

- 1.-Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
- 2.-Fotocopia da cartilla da S.S.
- 3.-Número de conta bancaria cos 20 díxitos.
- 4.-Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio da función.

A omisión ou defecto emendable nalgún dos documentos anteriores dará lugar á concesión dun prazo de 1 día hábil para a súa achega ou subsanación que se contará desde o seu requirimento efectuado pola unidade de Persoal que poderá ser ben mediante chamada telefónica ou ben mediante correo electrónico, para unha maior axilidade na súa tramitación, así mesmo tamén se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do Concello de Pazos de Borbén e de forma complementaria na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal>

En ningún caso este prazo suporá ampliación do prazo procedente para a concorrencia dos requisitos esixidos á data da convocatoria.

Quen tivera a condición de funcionario/a público de carreira ou persoal laboral fixo quedará exento de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da Administración ou Ente Público do que dependan, acreditando a súa condición e cantas circunstancias consten na súa folla de servizo.

Pola alcaldía procederase a contratación ou nomeamento interino do/a candidato/a que corresponda que dentro do prazo indicado presente a documentación referida e acredite que reúne os requisitos esixidos nesta convocatoria.

En caso contrario, salvo casos de imposibilidade suficientemente acreditada, o/a candidato/a que non cumpra co establecido no parágrafo anterior non poderá ser contratado/a ou nomeado, quedando anuladas todas as actuacións e sen prexuízo da responsabilidade na que, no seu caso, poderá ter incorrido por falsidade nos datos declarados na instancia.

A resolución de contratación laboral ou nomeamento interino publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do Concello de Pazos de Borbén e de forma complementaria na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal> durante un prazo de 1 mes, co seu réxime de recursos.

Aqueles que figuren na proposta de contratación ou nomeamento pero non acheguen a documentación no prazo indicado, poderá considerarse que renuncian as prazas ou postos ofertados, debendo neste caso propor a contratación/nomeamento aos seguintes que foran chamados e aceptasen a oferta, pola orde que figuren na lista e ata o número máximo de prazas ou postos a cubrir, procedéndose da mesma forma.



Con carácter meramente complementario e sen eficacia invalidante algunha, o Concello de Pazos de Borbén poderá enviar un correo electrónico a aqueles/as aspirantes que o facilitasen avisando dos chamamentos e da proposta de contratación/nomeamento que lles afecten.

Así mesmo, a aqueles/as aspirantes que facilitasen un número de teléfono, poderán ser avisados por este medio.

A manifestación da aceptación ou renuncia da oferta e a achega da documentación complementaria relacionada nestas bases reguladoras poderá presentarse polas seguintes vías:

- *Polo rexistro electrónico do Concello de Pazos de Borbén (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>)*

- *De forma presencial, na oficina de asistencia en materia de rexistros.*

Cando se produza o cesamento dun integrante da lista, este reincorporarase ao posto da lista que lle corresponda por puntuación.”

As renuncias aos chamamentos regúlanse no artigo 13 das bases e onde se indica,

" A renuncia a contratación/nomeamento por causa xustificada (estar traballando por conta propia ou allea, facéndoo constar de xeito fehaciente, períodos de embarazo maternidade ou situacións asimiladas, ou enfermidade debidamente xustificada) determinará que non se perda a orde na lista de reserva procedéndose ao chamamento do seguinte aspirante na orde da lista.

A renuncia por causa xustificada a contratación/nomeamento por dúas veces suporá a perda da orde na lista de reserva relegándose ao aspirante ao último lugar na mesma.

A renuncia por causa non xustificada a contratación/nomeamento suporá a perda da orde na lista de reserva relegándose ao aspirante ao último lugar na mesma.

O/a aspirante que tendo sido contratado/nomeado renuncie ao posto será excluído/a da lista de reserva"

Por todo o anteriormente exposto esta Alcaldía resolve:

RESOLVO:

Primeiro: Realizar o chamamento á primeira persoa da lista de reserva, Dona Lorena Domínguez Míguez, DNI: **1767***, ofertándolle un contrato laboral temporal (limpadora) para a substitución María Teresa Fernández Martínez mentres se atope en demora de calificación de IP (según notificación da dirección provincial do INSS con rexistro de entrada n.º 1092 de 16/05/2024), sendo o posto a desempeñar o da traballadora substituída en tanto se atope en demora de calificación de IP, e coas seguintes retribucións:

Limpiador-a

Xornada completa

Salario: grupo V

Complemento destino: nivel 14

Complemento específico: segundo anexo de persoal do orzamento e RPT

A aspirante dispón do prazo de **dous días hábiles** para manifestar se está disposta a aceptar a contratación que se ofrece ou ben manifesta a súa renuncia.

Aqueles que figuren no chamamento e non manifesten en prazo que están dispostos a aceptar a oferta ou contesten rexeitando a oferta considerarase que renuncian.

Facer notar que, en caso de manifestar dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior que se está disposto a aceptar a oferta, será proposto para ser contratado como persoal laboral temporal, segundo o caso, a cuxos efectos deberán presentar a documentación que se sinala a continuación, no prazo máximo de 24 horas hábiles dende a publicación da proposta no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do





Concello de Pazos de Borbén e de forma complementaria na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal>:

—Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

—Fotocopia da cartilla da S.S.

—Número de conta bancaria cos 20 díxitos.

—Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio da función.

—Certificado de escolaridade ou equivalente.

En ningún caso este prazo suporá ampliación do prazo procedente para a concorrencia dos requisitos esixidos á data da convocatoria.

Segundo: Publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Pazos de Borbén (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) e de forma complementaria na súa páxina web www.pazosdeborben.gal, o anuncio co ofrecemento a que se refire a presente resolución.

Terceiro: Dar traslado do presente acordo ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

Cuarto: Contra o presente acordo poderá interperse os seguintes recursos:

- **Potestativo de reposición**, ante o mesmo órgano que ditou o acordo, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte o desta notificación.
- **Contencioso-Administrativo**, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da presente notificación, se non se interpuxera o de reposición. Si se interpuxera este último, o prazo de dous meses empezaran a contarse dende o día seguinte ó da notificación da resolución do recurso de reposición, se esta fora expresa. Se a resolución non fora expresa o prazo para interpoñer o recurso contencioso administrativo será de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza a desestimación por silencio administrativo.
- Calquera outro que estime conveniente, baixo a súa responsabilidade.

En Pazos de Borbén, mándao e asíno o Sr. Alcalde.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

O DECRETOU O SR. ALCALDE – PRESIDENTE O DÍA DA DATA DA SÚA SINATURA ELECTRÓNICA, DO QUE EU, SECRETARIA – INTERVENTORA DESTE CONCELLO, DOU FE, MEDIANTE SINATURA DIXITAL AO MARXE.

